

MEMORIA DO EXERCICIO 2015

AUDITORIO DE GALICIA

4. Normas de valoración

Os criterios de valoración utilizados para o inmovilizado son exclusivamente os de custo de adquisición segundo o importe das obrigas recoñecidas a 31 de decembro, segundo a cadro que se achega. Non se incorporaron custes financeiros aos valores de inmovilizado. Tampouco se achegan, por falta de información patrimonial, correccións de valor a custe razoable, polo que non constan na presente memoria ningún listado correspondente aos “Modelos de revalorización”.

Non obstante, se reflicten seguindo o criterio dos exercicios 2009, 2010, 2011, 2012, 2013 e 2014 os custos de amortización dos novos elementos inventariables que producen altas no actual exercicio.

Os balances anteriores ao 2009 non reflectiron gastos de amortización pola inexistencia dun inventario de bens actualizado.

O método de amortización é o método lineal e a vida útil estimada é a seguinte:

	Anos
Construcións	50
Inmobles adscritos e cedidos a terceiros	50
Equipos para procesos de información	4
Elementos de transporte	10
Mobiliario	10
Maquinaria, instalacións e utillaxe	10
Investimentos inmateriais	5
Outro inmovilizado material	5
Fondo bibliográfico e outros	8

Considérase como momento de inicio de amortización contable en termos xerais o mes seguinte do recoñecemento da obriga e/ou data de recepción da obra e/ou subministro.

Ante a falta de medios que permita o seguimento do inmovilizado, elaborouse unha relación dos gastos en fase de obrigas recoñecidas do capítulo 6 que supuxeron unha variación das contas do grupo 2, e que se inclúen nos apartados correspondentes da Memoria.

Se imputaron gastos en concepto de Acredores pendentes de aplicar ao Orzamento considerando que a 31 de decembro de 2015 houbo facturas pendentes de tramitación que deben ser aprobadas no exercicio seguinte por importe de 39.992,76 euros.